



A continuación infórmase dos acordos da reunión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 26 de novembro de 2014 na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de outubro de 2014.
- * Aprobación do Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo.
- * Aprobación dos criterios para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de PDI funcionario no ano 2014.
- * Acórdase a declaración de nulidade do proceso de eleccións do director do Dpto. de Dereito Público Especial, e a iniciación dun novo proceso por convocatoria dos membros do Consello a unha sesión na que se proceda á elección de director do departamento.
- * Acórdase a estimación parcial do recurso presentado, e se reúna o Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions para acordar novos criterios de elaboración do POD de acordo coa normativa actual.
- * Acórdase a inadmisión a trámite do recurso presentado por Dna. Ana María Pita Grandal e outros contra o Acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2014, polo que se modifica o art. 4 da Normativa de simultaneidade dos estudos ADE-Dereito.
- * Aprobación dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universitat Rovira i Virgili* – Convenio de colaboración entre a *Universidad de Las Palmas de Gran Canaria*, a Universidade de Vigo e a *Universidad de Cádiz* para a realización do título oficial do Máster interuniversitario en Oceanografía – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Federal do Rio Grande do Sul* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Federal do Rio Grande do Sul* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Técnica Particular de Loja* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Redes y Desarrollo* – Convenio marco entre a *Universidad Técnica del Norte* e a Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Caldas* (Colombia) para o intercambio de estudantes.

Vigo, 26 de novembro de 2014
A secretaria xeral



Gloria Mª Pena Uris



**SRES./AS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS
COMUNIDADE UNIVERSITARIA**